

OBRADOIRO DE PLÁSTICA DE 2ºESO

Ola a todos;;

Espero que esteades levando o mellor posible este encerro necesario para vencer todos xuntos a este virus e que esteades axudando as vosas familias en todo. Todos compartimos a mesma preocupación. É momento de apoiar no que poidades. Sodes boa xente e non dubido que estaredes á altura, dando exemplo de responsabilidade. Agora mesmo tedes que tentar ser o apoio e alegría das vosas casas. Moito ánimo a todos e un abrazo enorme.

PROPOSTAS DE TRABALLO

Recordade que pensamos facer unha vidreira gótica da que supoño que xa fariades bosquexos..O deseño ten que ser orixinal e a poder ser non moi complexo.

Para a súa elaboración necesitaredes cartoliña negra, papeis transparentes de cores e cola

Déixovos uns enlaces de youtube aínda que podedes buscar outros:

Como elaborar unha vidreira <https://youtu.be/WN2RT6m0fVE>

Vidreiras elaboradas por alumnos <https://youtu.be/DBTjc-QTNYI>

A Plástica pode axudarnos a levar estes días. Sé que moitos de vós sodes moi artistas.

Aproveitade a practicar distintas técnicas e aproveitade o tempo de estar na casa para debuxar se vos apetece o que tedes o voso redor; os membros da familia.. o as vosas mascotas ,se tedes....En fin, pór a vosa creatividade a funcionar..

Tamén se queredes e tomando como tema o CORONAVIRUS COVIT-19 podedes facer debuxos tentando expresar con imaxes frases, mensaxes de forma libre con distintas técnicas rotuladores, tintas, lápices de cores... En tempos duros e de crise as creacións artísticas de todo tipo axudan a

canalizar e pór imaxe ós nosos pensamentos medos inquiredanzas. Próbao!.
Aí tedes una dirección de Instagram onde a xente sube debuxos tódolos
días e pode inspirarche: #DIBUJOENCUARENTENA2020
Para o que necesitedes meu correo é: aliciagonzalez@edu.xunta.es

Ánimo!!